

1. Habitar

Desde a Carta VII de Platón unha idea guiou a reflexión sobre o habitar humano. A cidade era o lugar por excelencia do experimento social e político. E a súa construción o desafío de toda civilización. "Salvar a polis" debuxábase como o horizonte moral de todo pensamento. A arquitectura fixo seu este reto, reescribindo unha e outra vez as ideas que o fixeran posible. Unha interna correspondencia rexe a orde das ideas e a do habitar. Paul Valéry no seu *Eupalinos* deixou claro, sen embargo, que todo proxecto está feito da mesma materia que a dúbida. Un límite que obstinadamente a arquitectura intenta traspasar.

1. Habitar

Desde la Carta VII de Platón una idea guió la reflexión sobre el habitar humano. La ciudad era el lugar por excelencia del experimento social y político. Y su construcción el desafío de toda civilización. "Salvar la polis" se dibujaba como el horizonte moral de todo pensamiento. La arquitectura hizo suyo este reto, reescribiendo una y otra vez las ideas que lo hicieran posible. Una interna correspondencia rige el orden de las ideas y el del habitar. Paul Valéry en su *Eupalinos* dejó claro, sin embargo, que todo proyecto está hecho de la misma materia que la duda. Un límite que obstinadamente la arquitectura intenta traspasar.

1. To Inhabit

Ever since Plato's Seventh Letter, one idea has guided reflection on human dwelling. The city, *par excellence*, was the space of social and political experiment. And its construction was the challenge faced by all civilisations. "To save the *polis*" appeared as the moral horizon of all thinking. Architecture adopted this challenge, rewriting over and again the ideas that made it possible. An internal correspondence governs the order of ideas and that of dwelling. In *Eupalinos*, Paul Valéry made it quite clear, however, that all projects are made of the same substance as doubt. A limit that architecture obstinately endeavours to transcend.

2. Arquitectura de cristal

Walter Benjamin interpretouno como o manifesto dunha nova época. A *Glasarchitektur* de Paul Scheerbart marcaba un limiar que separaba os tempos, as formas de construír e habitar. A fascinación pola transparencia engadía á subxectividade a capacidade de ilusión que o expresionismo buscaba. Un tempo interior que se atopaba exposto na escena luminosa da *Glashaus* de Bruno Taut. Qué sutil era xa daquela, 1914, a distancia entre interior e exterior. Unha distancia que ía rexer o destino do moderno.

2. Arquitectura de cristal

Walter Benjamin lo interpretó como el manifiesto de una nueva época. La *Glasarchitektur* de Paul Scheerbart marcaba un umbral que separaba los tiempos, las formas de construir y habitar. La fascinación por la transparencia añadía a la subjetividad la capacidad de ilusión que el expresionismo buscaba. Un tiempo interior que se encontraba expuesto en la escena luminosa de la *Glashaus* de Bruno Taut. Qué sutil era ya entonces, 1914, la distancia entre interior y exterior. Una distancia que regiría el destino de lo moderno.

2. Glass Architecture

Walter Benjamin interpreted it as the manifesto of a new era. Paul Scheerbart's *Glasarchitektur* marked a threshold separating periods of time, ways of constructing and of dwelling. Fascination with transparency provided subjectivity with the capacity for illusion sought by Expressionism. An interior time that was exhibited in the radiant scenario of Bruno Taut's *Glashaus*. As early as 1914, the distance between interior and exterior was already quite subtle. A distance that would rule over the destiny of the modern.

3. Casa de xeo

Thomas Bernhard en *Korrektur* describea como casa perfecta, dominada por unha estricte proporción e orde. A súa alma é xeométrica e no seu interior unha luz fría abraza o baleiro, aquel silencio imposto pola incomunicación. Aí a ausencia transforma o espazo en xeo e todo alcanza a estraña inquietude do bosque. O nome suspéndese e un fugaz resplandor substitúe a presenza. Adivíñanse a penas os pasos lentos da espera.

3. Casa de hielo

Thomas Bernhard en *Korrektur* la describe como casa perfecta, dominada por una estricta proporción y orden. Su alma es geométrica y en su interior una luz fría abraza el vacío, aquel silencio impuesto por la incomunicación. Ahí la ausencia transforma el espacio en hielo y todo alcanza la estraña inquietud del bosque. El nombre se suspende y un fugaz resplandor sustituye la presencia. Se adivinan apenas los pasos lentos de la espera.

3. House of Ice

In *Korrektur*, Thomas Bernhard describes it as the perfect house, dominated by strict proportions and order. Its soul is geometric and, in its interior, a cold light embraces the void, the silence imposed by lack of communication. Absence transforms this space into ice, and everything attains the strange restlessness of the forest. Names are suspended and presence is replaced by a fleeting gleam. The slow steps of the wait are barely glimpsed.

4. Fugas

"A casa do noso tempo aínda non existe", escribía Mies van der Rohe en *Die Form* en 1931. "Sen embargo –seguí a Mies– a transformación do modo de vida esixe a súa realización". Uns anos despois, Le Corbusier advertía que "a casa do home que non é cárcere nin espellismo, a casa edificada e a casa espiritual, ¿onde se atopa, onde pode verse? En ningún lado ou case en ningún lado. É preciso, pois, romper o xogo con toda urxencia e pórse a construír para o home". Unha construción que terá as marcas de sucesivas fugas e reclusións cara a un interior que elixirá como espacio propio o espello das ilusións ou o baleiro do silencio.

4. Fugas

"La casa de nuestro tiempo aún no existe", escribía Mies van der Rohe en *Die Form* en 1931. "Sin embargo –seguí a Mies– la transformación del modo de vida exige su realización". Unos años después, Le Corbusier advertía que "la casa del hombre que no es cárcel ni espejismo, la casa edificada y la casa espiritual, ¿dónde se encuentra, dónde puede verse? En ningún lado o casi en ningún lado. Es preciso, pues, romper el juego con toda urgencia y ponerse a construir para el hombre". Una construcción que tendrá las marcas de sucesivas fugas y reclusiones hacia un interior que elegirá como espacio propio el espejo de las ilusiones o el vacío del silencio.

4. Escapes

"The house of our age does not yet exist", wrote Mies van der Rohe in *Die Form* in 1931. "However – proceeded Mies – the transformation of our way of life demands its fulfilment". Some years later, Le Corbusier noted, "where is the house that is neither a prison or a mirage, the constructed house and the spiritual house? Where can we find it? Nowhere or hardly anywhere. It is necessary therefore to break the game with the utmost urgency and to begin to construct for mankind". A construction that will bear the marks of successive escapes and imprisonments towards an interior, one that will make the mirror of illusions or the void of silence its own.

5. Mulleres nómades

Pao: Dwelling of Tokyo Nomade Woman é o proxecto que Toyo Ito constrúe para as mulleres nómades de Tokio. A casa tradicional perde todo o seu significado e transfórmase nunha tenda nómade, o "pao". Lixeira e móbil, apta para resolver as esixencias mínimas do corpo e dispoñible para ser trasladada velozmente a calquera dos extremos da megalópolis. Unha estrutura mínima protexerá o interior, do cal a función quedou limitada a resolver aquelas necesidades mínimas do nómade moderno: un lugar intelixente para a información; outro, para un descanso breve; finalmente un terceiro onde poder maquillarse e entrar así no espazo dos soños. A liña de separación entre interior e exterior nunca fora resolta tan radicalmente como nas casas Pao.

5. Mujeres nómadas

Pao: Dwelling of Tokyo Nomad Woman es el proyecto que Toyo Ito construye para las mujeres nómadas de Tokio. La casa tradicional pierde todo su significado y se transforma en una tienda nómada, el "pao". Ligera y móvil, apta para resolver las exigencias mínimas del cuerpo y disponible para ser trasladada velozmente a cualquiera de los extremos de la megalópolis. Una estructura mínima protegerá el interior cuya función ha quedado limitada a resolver aquellas necesidades mínimas del nómada moderno: un lugar inteligente para la información; otro, para un descanso breve; finalmente un tercero donde poder maquillarse y entrar así en el espacio de los sueños. La línea de separación entre interior y exterior nunca había sido resuelta tan radicalmente como en las casas Pao.

5. Nomadic Women

Pao: Dwelling of Tokyo Nomad Woman is the project that Toyo Ito is constructing for the nomadic women of Tokyo. The traditional house loses all its meaning and is transformed into a nomadic tent, the "pao". Lightweight and mobile, suitable for solving the body's minimum requirements and ready to be moved swiftly to any point of the megalopolis. A minimum structure will protect the interior, the function of which has been restricted to solving the slightest needs of the modern nomad: an intelligent place for information; another, for a brief rest; and finally a place where they can put on their make-up and thus enter into the realm of dreams. The dividing line between interior and exterior had never been solved in such a radical way as in the Pao houses.

6. Construíndo o descanso

Mónica Alonso imaxina e constrúe outros espazos. Non se sabe se é unha obsesión ou se se trata dunha deliberada fixida protectora. A serie *Construíndo ou descanso (gris, amarelo, verde)* avisa dunha decidida vontade de retiro e seguridade. Interiores ordenados, a memoria excluída, o tempo suspendido. Un lugar, lugares, construídos "para o descanso". Suponse a fatiga, a dor ou a metáfora extrema da enfermidade. Son lugares seguros, terapéuticos. Un contraste que polariza de novo a lóxica dun exterior violento e a busca de interiores en paz. Poucas veces esta distancia foi percorrida con tan severa disposición. *Construíndo o descanso 3* avisa, sen embargo, do fráxil equilibrio daquela construción que non poderá subtraerse ós ventos. Un instante, o do descanso, pode simular e facer real o que ningunha idea conseguiu construír.

6. Construyendo el descanso

Mónica Alonso imagina y construye otros espacios. No se sabe si es una obsesión o si se trata de una deliberada huida protectora. La serie *Construíndo o descanso (gris, amarelo, verde)* avisa de una decidida voluntad de retiro y seguridad. Interiores ordenados, la memoria excluida, el tiempo suspendido. Un lugar, lugares, construídos "para el descanso". Se supone la fatiga, el dolor o la metáfora extrema de la enfermedad. Son lugares seguros, terapéuticos. Un contraste que polariza de nuevo la lógica de un exterior violento y la búsqueda de interiores en paz. Pocas veces esta distancia ha sido recorrida con tan severa disposición. *Construíndo o descanso 3* avisa, sin embargo, del frágil equilibrio de aquella construcción que no podrá sustraerse a los vientos. Un instante, el del descanso, puede simular y hacer real lo que ninguna idea ha conseguido construir.

6. Building Rest

Mónica Alonso conceives and constructs other spaces. We do not know whether it is an obsession or whether it is a deliberate protective flight. The series entitled *Construíndo o descanso (gris, amarelo, verde)* warns us of a determined wish for retirement and safety. Tidy interiors, excluded memory, suspended time. A place, places, constructed "for rest". Fatigue, pain and the extreme metaphor of illness are implied. These are safe, therapeutic places. A contrast that polarises once again the logic of a violent exterior and the search for peaceful interiors. Rarely has this distance been covered with such a severe disposition. *Construíndo o descanso 3* warns us, however, of the fragile balance of that construction, that will be unable to avoid the winds. An instant – that of rest – can simulate and make real what no idea has been able to build.

7. Espacios do soño

O que antes era descanso, agora é soño. *Somniurizado I e II*, as *Cápsulas MAMA*, os *Dormitorios Terapéuticos* inician outros escenarios que desdobran e transforman o silencio anterior, dando lugar ó tempo dos soños. Unha liña de suspensión que nega a habitual presenza do obvio e recrea metafísicamente a orde onírica de infinitos relatos. É o desexo o verdadeiro escriba dos soños, aguzado pola difícil loita por suspender a morte. Toda a historia do corpo é a da súa demarcación, a da rede de marcas e signos que a parcelan, para a poder presentar despois desde unha suposta unidade que esquece a sutura. Alí atópanse, como na *Comunidade en Vermello CV02*, todos aqueles suxeitos que fixeron súas todas as terapias específicas que Mónica Alonso suxire. En definitiva, unha serie de espacios construídos para facer posible a representación do imposible, de todo aquilo que, ó retirarse, deixa no corpo a pegada e traza da súa violencia.

7. Espacios del sueño

Lo que antes era descanso, ahora es sueño. *Somniurizado I y II*, las *Cápsulas MAMA*, los *Dormitorios Terapéuticos* inician otros escenarios que desdoblan y transforman el silencio anterior, dando lugar al tiempo de los sueños. Una línea de suspensión que niega la habitual presencia de lo obvio y recrea metafísicamente el orden onírico de infinitos relatos. Es el deseo el verdadero escriba de los sueños, aguzado por la difícil lucha por suspender la muerte. Toda la historia del cuerpo es la de su demarcación, la de la red de marcas y signos que la parcelan, para poder presentarla después desde una supuesta unidad que olvida la sutura. Allí se encuentran, como en la *Comunidade en Vermello CV02*, todos aquellos sujetos que hicieron suyas todas las terapias específicas que Mónica Alonso sugiere. En definitiva, una serie de espacios construídos para hacer posible la representación de lo imposible, de todo aquello que, al retirarse, deja en el cuerpo la huella y traza de su violencia.

7. Spaces of Dreams

What was previously rest, is now dream. *Somniurizado I and II*, the *Cápsulas MAMA*, the *Dormitorios Terapéuticos* open other scenarios that divide and transform the previous silence, giving rise to the time of dreams. A line of suspension that denies the habitual presence of the obvious and meta-physically recreates the oneiric order of infinite stories. This is the desire of the true scribe of dreams, a desire sharpened by the difficult struggle to suspend death. The entire history of the body is that of its demarcation, that of the network of marks and signs that divide it up, in order to be able to then present it from a supposed unity that forgets the suture. This is where all the subjects that adopt the specific therapies suggested by Mónica Alonso, as exemplified in *Comunidade en Vermello CV02*, come together. In short, a series of spaces constructed so that the representation of the impossible, of everything that leaves the trace of its violence on the body after its withdrawal, is finally made possible.

Francisco Jarauta